

Unha de piratas

- “Sorprenden as relacións de integración entre a Historia e a historia ou historias noveladas”.
- “Os lectores de Stevenson teñen aquí unha boa oportunidade para encheren máis as vidas destas personaxes xa clásicas”

- “Alén da voluminosidade, o primeiro que sorprende en *Costa do Solpor* son as relacións de integración que se establecen entre a Historia e a historia ou historias noveladas. A Historia, o relato dos acontecementos que aconteceron é o primeiro marco do cadro que pinta a historia relatada na novela. Presta personaxes, presta acontecementos, presta inclusive caracteres para configuración de personaxes, nuns casos máis visíbel e noutros menos, mais non hai nin unha soa persoaxe que non sexa froito do mundo en que vive”. (...)

- “Personaxes d’ *A illa do tesouro* reaparecen aquí, reviven aquí. Como é o caso de Jim Hawkins, do doutor Livesey ou do armador John Trelawney (...), de xeito que a multitude de lectores de Stevenson ten aquí unha moi boa oportunidade para encher máis as vidas destas personaxes xa clásicas”.

- A salientar a recreación do enfrontamento por motivos relixiosos, así como a do ambiente político, a loita por transcender o Antigo Réxime e os anos anteriores á Revolución Francesa. Nun marco de aventuras piratas onde non faltan abordaxes, cruentas loitas, fabulosos tesouros, crueldade, amor iniciático, camaradaxe ou inxeniosas resolucións de conflitos. E tamén, non se pode esquecer, que as personaxes creadas ou novas non desmerecen na súa configuración e desenvolvemento ás que se recollen da tradición do xénero ou da Historia.”

(X.M. Eyré, en www.galiciaconfidencial.com e no seu blog)